

XOHANA TORRES

POETA, DRAMATURGA E NARRADORA

(SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1931-1917)

Poeta, dramaturga e narradora, Xohana é unha das principais voces da literatura galega contemporánea. Pertence á Xeración das Festas Minervais. Nace en Compostela, mais Ferrol (Lorref) e Vigo serán as cidades de acollida e nas que cree a súa obra literaria. Viaxou por Europa, África e Asia. Dende moi nova desenvolve un intenso labor cultural, participando en recitais poéticos, colaborando en revistas (Aturuxo, Vieiros, Vida Galega ou Grial) e dirixindo programas radiofónicos (Teresa, en Radio Ferrol e Raiz e tempo, na Voz de Vigo, primeiro programa cultural en galego despois da guerra civil). Manifesta xa un forte compromiso co seu país e reivindica a presenza da muller na literatura.

Acada numerosos premios, o primeiro en 1955, co poema *A nosa primavera*, *Toxos*. En poesía inaugura a colección Illa Nova de Galaxia, coa publicación do poemario *Do sulco* (1957). Seguiranlle *Estacións ao mar* (1980), *Tempo de ría* (1992), *Ferrol, corazón de navío* (2001) e *Elexías a Lola* (2016). Deixou ademais 12 poemas inéditos preparados para a súa publicación, co título *Últimas tardes con Xohana*.

En teatro está relacionada co Grupo Teatro Estudio. Publica *A outra banda do Ibberr* (1965, premio Castelao), *Un hotel de primeira sobre o río* (1968). A súa novela *Adiós, María* (1970, premio Galicia do Centro Galego de Bos Aires), é considerada a primeira novela galega de protagonista feminina escrita por unha muller.



"No movemento literario de hoxe, non podía faltar a muller. A súa actividade está unida ó porvir histórico da terra"

Publicou tamén literatura infantil (*Polo mar van as sardiñas*, 1967; *Pericles e a balea*, 1984), ensaio (*San Andrés de Lonxe*,) e numerosas traducións de cantos e contos.

Ingresou na Real Academia Galega en 2001, co discurso "Eu tamén navegar".

O mar, o tempo, a terra (nación e muller), a emigración, a reivindicación feminista e a crítica á sociedade da posguerra, son temas recurrentes na súa obra. Moi comprometida co nacionalismo e a lingua nos anos do franquismo.

Fontes

- Especial Xohana Torres. (1987). *Festa da palabra silenciada*, 4. Recuperado de http://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_ig_pu_b2001_Festa-da-Palabra_04.pdf
- Novo, O. (1996). *A voz interna, conmovida*, última: Análise temática da obra de Xohana Torres. *Unión libre : cadernos de vida e culturas*, 1, p. 131-150.
- Rodríguez Rodríguez, M. (2013). *Feminismo e innovación en la narrativa gallega de autoría femenina : Xohana Torres, María Xosé Queizán, Carmen Blanco y Teresa Moure*. Lewiston, New York : Edwin Mellen Press